

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 21 de abril de 2017

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o vinte e un de abril do ano dous mil dezasete, ás nove horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados/as, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Plácido Álvarez Dobaño, don Manuel Doval Soto, dona Ana M.ª Villarino Pardo, don Pablo Pérez Pérez e don Juan Anta Rodríguez, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste o interventor accidental, don José Mosquera Casero, xefe do Servizo de Intervención, en substitución da titular, e dá fe do acto, o vicesecretario xeral, don Juan Marquina Fuentes.

Non asiste á sesión o deputado provincial e vicepresidente 2º, don Jorge Pumar Tesouro, que escusa a súa ausencia.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 7 DE ABRIL DE 2017.-

Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día sete de abril de dous mil dezasete, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2017, RELATIVA ÁS OBRAS MUNICIPAIS 105/POS/2017 E 128/POS/2017, NOS TERMOS MUNICIPAIS DO BARCO DE VALDEORRAS E DA VEIGA, RESPECTIVAMENTE.-

Á vista do escrito presentado polo xefe do Servizo Provincial de Vías e Obras, tendo en conta o informe favorable do xefe do Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1.- Modifica-lo Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2017 no relativo á rede viaria provincial, incorporando ó plan principal –en substitución da obra denominada “beirarrúas na OU-0851 O Barco N-536”-

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 21 de abril de 2017

a obra denominada “reforzo de firme con mestura asfáltica na OU-0851 O Barco N-536”, co número 105/POS/2017, cun orzamento total de execución de 60.100,00 euros.

2.- Modifica-lo Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2017 no relativo á rede viaria provincial, incorporando ó plan principal –en substitución da obra denominada “sinalización horizontal na OU-0804 Alto do Covelo”- a obra denominada “sinalización horizontal na OU-0803 A Veiga (OU-0804)-A Ponte e na OU-0856 A Veiga (OU-0804)-Prada”, co número 128/POS/2017, cun orzamento total de execución de 22.747,33 euros.

3.- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO DAS FEDERACIÓNS OU AGRUPACIÓNS DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE OURENSE CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2017.

- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial acordou, na sesión que tivo lugar o 29 de setembro de 2016, aprobar as bases reguladoras da convocatoria de concurso público para a concesión de subvencións para gastos de funcionamento das federacións ou agrupacións de asociacións veciñais de Ourense correspondentes ao exercicio 2017.

O artigo 7, apartado 4, da Ordenanza Xeral de Subvencións desta Deputación Provincial, establece que a instrución do procedemento comprenderá a comprobación de que as solicitudes presentadas cumpren cos requisitos esixidos para ser admitidas a trámite na convocatoria, así como a realización do trámite de emenda de deficiencias e que a dita instrución rematará cun informe do xefe da unidade administrativa, no que se propondrá a admisión ou non admisión a trámite das solicitudes, segundo proceda.

En consecuencia, e para darlle cumprimento ao dito artigo e ás bases reguladoras da convocatoria, procédese á instrución do procedemento de referencia da seguinte maneira:

En relación coa convocatoria de concurso público para a concesión de subvencións para gastos de funcionamento das federacións ou agrupacións de asociacións veciñais de Ourense correspondentes ao exercicio 2017 (BOP n.º 263, do 16 de novembro de 2016), presentáronse as seguintes solicitudes:

1º) Solicitudes presentadas:

FEDERACIÓNS OU AGRUPACIÓNS DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE OURENSE 2017		
Nº	SOLICITANTE	CIF/DNI

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 21 de abril de 2017

1	FEDERACIÓN DA AAVV OURENSE LIMIAR	G32226276
2	AGRUPACION DE AA.VV.MIÑO	G32408023
3	FEDERACIÓN DE AAVV DE CARBALLIÑO	G32247926

Así mesmo, presentaron solicitude (anexo I) as seguintes entidades:

1. FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO (V15115306)

Neste caso, esta entidade incumpre o disposto na base segunda da convocatoria, ao non tratarse dunha federación ou agrupación de asociacións veciñais, e por tanto non pode ser beneficiaria desta subvención.

2. ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SANTA MARÍA DE LOUREDO (G32138422)

En relación con esta solicitude, e a pesar de que os anexos presentados se corresponden co concurso para gastos de funcionamento das federacións ou agrupacións de asociacións veciñais de Ourense correspondentes ao exercicio 2017, o resto da documentación correspóndese coa que hai que presentar para o concurso para gastos de investimento de asociacións veciñais de Ourense para o ano 2017, toda vez que esta solicitude non ten encaixe nesta convocatoria; en consecuencia, procédese, de oficio, a pasar esta solicitude ao concurso correspondente.

2º) Cualificación da documentación administrativa presentada:

Tendo en conta que todas as solicitudes foron presentadas en tempo e forma, e en aplicación do disposto na base sexta da convocatoria, **proponse a admisión a trámite das seguintes solicitudes:**

FEDERACIÓNS OU AGRUPACIÓNS DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE OURENSE 2017		
Nº	SOLICITANTE	CIF/DNI
1	FEDERACIÓN DA AAVV OURENSE LIMIAR	G32226276
2	AGRUPACION DE AA.VV.MIÑO	G32408023
3	FEDERACIÓN DE AAVV DE CARBALLIÑO	G32247926

Por unanimidade, a comisión presta conformidade ao informe – proposta da xefa da sección, procedendo a iniciar a valoración dos proxectos admitidos a trámite, correspondentes aos solicitantes relacionados.

De conformidade coa base 8ª das que rexen a convocatoria, as regras de valoración contidas nas bases reguladoras da convocatoria son as seguintes:

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 21 de abril de 2017

a) Número total de socios das asociacións veciñais agrupadas na federación solicitante. Asignaráselle 50 puntos á federación que agrupe ás asociacións cun maior número de socios, puntuándose o resto en proporción directa.

b) Volume de gasto corrente orzado. Asignaráselle 50 puntos á federación que presente un maior orzamento de gasto corrente, puntuándose o resto en proporción.

2. O valor económico do punto resultará de dividir o importe total do crédito orzamentario destinado á convocatoria entre o número total de puntos sumados polos solicitantes.

3. A subvención que corresponda a cada solicitante determinarase multiplicando a puntuación obtida polo valor económico do punto, tendo en conta que ningunha entidade poderá recibir subvención por importe superior ao seu orzamento de gasto corrente subvencionable.

Os remanentes que se produzan como consecuencia da aplicación das regras anteriores repartiranse entre o resto de solicitudes, aplicando entre elas os criterios recollidos no apartado 1.

4. A Comisión de Valoración puntuará as solicitudes formuladas conforme cos criterios sinalados, e propondrá o outorgamento das subvencións polos importes resultantes e por rigorosa orde de puntuación, ata esgotar o crédito dispoñible.

Doutra banda, a base 3ª establece que para as subvencións incluídas nesta convocatoria resérvase crédito nos vixentes orzamentos da Deputación Provincial de Ourense, na aplicación 924.12/489.10 por importe máximo de 50.000,00 euros.

En virtude de canto antecede, a comisión, por unanimidade, acorda emitir proposta provisional de resolución do concurso co seguinte contido:

1º) Admitir a trámite a seguintes solicitudes:

Nº	SOLICITANTE	CIF/DNI
1	FEDERACIÓN DA AAVV OURENSE LIMIAR	G32226276
2	AGRUPACION DE AA.VV.MIÑO	G32408023
3	FEDERACIÓN DE AAVV DE CARBALLIÑO	G32247926

2º) Non admitir a trámite as seguintes solicitudes, polos motivos que se indican:

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 21 de abril de 2017

1. FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO (V15115306): incumpre o disposto na base segunda da convocatoria, ao non tratarse dunha federación ou agrupación de asociacións veciñais, e por tanto non pode ser beneficiaria desta subvención.

2. ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SANTA MARÍA DE LOUREDO (G32138422): incumpre o disposto na base segunda da convocatoria, ao non tratarse dunha federación ou agrupación de asociacións veciñais, e por tanto non pode ser beneficiaria desta subvención; sen prexuízo do anterior, e tendo en conta que parte da documentación se corresponde coa que hai que presentar para o concurso para gastos de investimento de asociacións veciñais de Ourense para o ano 2017, procede incluír de oficio esta solicitude no expediente do dito concurso.

3º) Conceder, conforme á valoración efectuada, as subvencións, polos importes que se indican, aos proxectos seguintes:

SOLICITANTE	CIF	CONTÍA SUBVENCIÓN (€)
FEDERACIÓN DA AAVV OURENSE LIMIAR	G32226276	24.914,34
AGRUPACIÓN DE AAVV MIÑO	G32408023	18.002,42
FEDERACIÓN DE AAVV DE CARBALLIÑO	G32247926	7.083,24

Unha vez visto todo o anterior, finalizado o prazo de alegacións (sen se presentar ningunha) á resolución provisional do concurso público para a concesión de subvencións para gastos de funcionamento das federacións ou agrupacións de asociacións veciñais de Ourense correspondentes ao exercicio 2017, cuxas bases e convocatoria foron aprobadas pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria que tivo lugar o 29 de setembro de 2016 e publicadas no BOP n.º 263, do 16 de novembro de 2016, vista a proposta de resolución do concurso formulada pola Comisión de Valoración con data 6 de marzo de 2017, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo** de resolución definitiva:

1º) Non admitir a trámite as seguintes solicitudes, polos motivos que se indican:

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 21 de abril de 2017

1. FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO (V15115306): Incumpre o disposto na base segunda da convocatoria, ao non tratarse dunha federación ou agrupación de asociacións veciñais, e por tanto non pode ser beneficiaria desta subvención.

2. ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SANTA MARÍA DE LOUREDO (G32138422): Incumpre o disposto na base segunda da convocatoria, ao non tratarse dunha federación ou agrupación de asociacións veciñais, e por tanto non pode ser beneficiaria desta subvención; sen prexuízo do anterior, e tendo en conta que parte da documentación se corresponde coa que hai que presentar para o concurso para gastos de investimento de asociacións veciñais de Ourense para o ano 2017, procede incluír de oficio esta solicitude no expediente do dito concurso.

2º) Conceder, conforme á valoración efectuada, as subvencións, polos importes que se indican, aos proxectos seguintes:

Solicitante	CIF	Contía subvención €
Federación da AAVV Ourense Limiar	G32226276	24.914,34.-
Agrupación de AAVV Miño	G32408023	18.002,42.-
Federación de AAVV do Carballiño	G32247926	7.083,24.-

3º) As subvencións libraranse tras a súa xustificación, conforme co establecido nas bases da convocatoria.

4º.- Dispor a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia.

4.- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A DEPORTISTAS CUALIFICADOS EN MODALIDADES DEPORTIVAS INDIVIDUAIS CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2016.- Unha vez visto o expediente tramitado na Sección de Subvencións, vista a proposta formulada pola Comisión de Valoración da convocatoria de axudas a deportistas cualificados en modalidades deportivas individuais correspondente ó ano exercicio 2016 (BOP n.º 263, do 16 de novembro de 2016), e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, adopta o seguinte **acordo**:

1º) Desestimar as alegacións presentadas por Emanuel Álvarez Escobino, Andrea Álvarez Fernández, Ngagne Faye Faye, Jacobo Rodríguez Naveira, Ana Soto Pérez, Dora Ribeiro Gómez, Ana Belén Rodríguez Vidal, Marta Rodríguez Cancio e María Salas Cid, polos motivos recollidos nesta acta, que se incorporará como anexo ao

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 21 de abril de 2017
--

acto de resolución ao abeiro do disposto no artigo 88 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2º) Non admitir a trámite, as seguintes solicitudes, polos motivos que se indican:

a) Por non presentar documentación valorable en tempo e forma:

1	Mira Cid, Óscar	44481913M	Boxeo
2	Diz Díaz, Rubén	76727451A	Atletismo

b) Por presentar a solicitude fóra do prazo establecido nas bases da convocatoria:

1	Martínez García, Aarón	45149895K	Kung Fu
---	------------------------	-----------	---------

3º) Denegarlles a concesión de subvención ás seguintes solicitudes, por non superar a puntuación mínima establecida en 78 puntos:

SALAS CID, MARÍA	XIMNASIA
PUENTE-DODD ÁLVAREZ, NOA	XIMNASIA
CID RANCAÑO, NICOLÁS	XIMNASIA
GARCÍA VARELA, GUILLERMO	XIMNASIA
GONZÁLEZ NOVOA, MARÍA	TAEKWONDO
GARCÍA ARIAS, ANA	ATLETISMO
SEQUEIROS LUDEIRO, SARA	KÁRATE
TABOADA VILA, ALBERTO	NATACIÓN
ÁLVAREZ TEJEIRO, JESÚS	ATLETISMO
CARRACEDO ALONSO, LOLA	NATACIÓN SINCRO
MARTÍNEZ FERNÁNDEZ, ANTÍA	CICLISMO
FERREIRO DOMÍNGUEZ, MARÍA	TAEKWONDO
GARCÍA RODRÍGUEZ, AINOHA	TAEKWONDO
VIDAL VÁZQUEZ, SERGIO	BADMINTON
SAA CRESPO, ROMÁN	CICLISMO
DIEGUEZ NÓVOA, PURA	XADREZ
ÁLVAREZ ESCOBINO, EMANUEL	KUNGFU
BARBADO FERNÁNDEZ, MARTÍN	BADMINTON
ÁLVAREZ VÁZQUEZ, SARA	KUNGFU
FAYE FAYE, NGAGNE	KUNGFU
QUIROGA RAMOS, NOEL	NATACIÓN
FRANCO ÁLVAREZ, ABEL	CICLISMO
FEIJÓO GÓMEZ, EVA	NATACIÓN

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 21 de abril de 2017
--

GÓMEZ NÓVOA, UXÍA	NATACIÓN
GONZÁLEZ GARCÍA, DAVID	NATACIÓN
BLANCO PÉREZ, PAULA	NATACIÓN
PIMENTEL PÉREZ, MIGUEL	NATACIÓN
DIEGUEZ NÓVOA, BENJAMÍN	XADREZ
ÁLVAREZ ÁLVAREZ, HÉCTOR	NATACIÓN
DÍAZ ESTÉVEZ, IZÁN	TENIS
RODRÍGUEZ CANCIO, MARTA	XIMNASIA
GRANDE CARRAL, AITOR	FEDPC
CASTRO PÉREZ, ANTÍA	ATLETISMO
LORENZO CASAS, EMMA	ATLETISMO
GONZÁLEZ GONZÁLEZ, FLORINDO JOSÉ	TRIATLÓN
MATEO REGO, PAULA	KICKBOXING
RIBEIRO GÓMEZ, DORA	MONTAÑISMO
RODRÍGUEZ VIDAL, ANA BELÉN	MONTAÑISMO
MOURE DOVAL, JOSÉ	NATACIÓN
BELLO RODRÍGUEZ, ARANCHA	XIMNASIA
GONZÁLEZ HERMIDA, LAURA	KICKBOXING
BLANCO PÉREZ, ADRIÁN	NATACIÓN
GARCÍA VARELA, MARÍA FUJU	XIMNASIA
SALAS CID, ROCÍO	XIMNASIA
MATEO REGO, DANIEL	KICKBOXING
RIVERA PÉREZ, MARTÍN	ATLETISMO
ÁLVAREZ FERNÁNDEZ, ANDREA	KUNGFU
FERNÁNDEZ LÓPEZ, LUZ MARÍA	NATACIÓN
PRADA PÉREZ, RAÚL	PIRAGÜÍSMO
ÁLVAREZ GARCÍA, FERNANDO	MONTAÑISMO
RODRÍGUEZ NAVEIRA, JACOBO	KUNGFU
SOTO PÉREZ, ANA	KUNGFU
RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, RAMÓN	MONTAÑISMO

4º) Concederlles, conforme á valoración efectuada e unha vez resoltas as alegacións presentadas, as subvencións polos importes e puntuacións que se indican, ós seguintes solicitantes:

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 21 de abril de 2017
--

APELIDOS E NOME DO DEPORTISTA	FEDERACIÓN	IMPORTE
GRUPO PRIMEIRO		
IGLESIAS DE LA TORRE, FELIPE	JUDO	1.400 €
RODRÍGUEZ GUEDE, PABLO	CICLISMO	1.400 €
CAMPO PAVÓN, GABRIEL	PIRAGÜÍSMO	1.400 €
CAMPELO ANTÓN, Yael	XIMNASIA	1.400 €
CID MASID, ALEJANDRO	XIMNASIA	1.400 €
GRUPO SEGUNDO		
RODRÍGUEZ LEÓN, JESÚS	PIRAGÜÍSMO	820 €
PÉREZ MORALES, DANIEL	XIMNASIA	820 €
FERREIRA COLMENERO, JOSÉ MANUEL	WUSHU	820 €
GAGO TROITIÑO, EZEQUIEL	WUSHU	820 €
PALOMANES MARTÍNEZ, JOSÉ ALFONSO	ATLETISMO	820 €
GRUPO TERCEIRO		
FEIJÓO ALBERTE, IVÁN	CICLISMO	590 €
SALGADO GÓMEZ, IVÁN	XADREZ	590 €
NOVELLE MAN, CARLOS EDUARDO	XIMNASIA	590 €
FERNÁNDEZ RIVERA, ALEJANDRO	ATLETISMO	590 €
FERNÁNDEZ JUSTO, PAULA	TIRO OLÍMPICO	590 €
PARGA NORES, SERGIO	KUNGFU	590 €
FERNÁNDEZ LAMEIRO, ADRIÁN	PIRAGÜÍSMO	590 €
FREIJEIRO CRUZ, ANDRÉS	TAEKWONDO	590 €
GRUPO CUARTO		
ÁLVAREZ FERNÁNDEZ, CHRISTIAN	JUDO	340 €
BARBADO FERNÁNDEZ, MIGUEL	BADMINTON	340 €
PRADA PÉREZ, ADRIÁN	PIRAGÜÍSMO	340 €
FERNÁNDEZ MORAIS, ANA	JUDO	340 €
RAMÍREZ ALZATE, IVÁN DARÍO	HALTEROFILIA	340 €
MONTERO LÓPEZ, ALEJANDRO	ATLETISMO	340 €
MÍGUEZ ESCUDERO, MANUEL	KICKBOXING	340 €
FERNÁNDEZ BARBOSA, LETICIA	ATLETISMO	340 €
SASTRE MÉNDEZ, NEREA	XIMNASIA	340 €

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 21 de abril de 2017
--

REVUELTA PARRA, CARLOS	ATLETISMO	340 €
PIMENTEL PÉREZ, LAURA	NATACIÓN	340 €
GIL PÉREZ, LETICIA	ATLETISMO	340 €
BATAN ÁLVAREZ, RUBÉN	KICKBOXING	340 €
ANSIA LÓPEZ, BRAIS	WUSHU	340 €
DOCAMPO GONZÁLEZ, IVÁN	ATLETISMO	340 €
FEIJÓO GONZÁLEZ, DIEGO	XIMNASIA	340 €
GAGO TROITIÑO, AGAR	WUSHU	340 €
DAVITE AGUIAR, DAVID	TIRO OLÍMPICO	340 €
GARCÍA OTERO, MARCOS	NATACIÓN	340 €
ÁLVAREZ ARAÚJO, CLARA	WUSHU	340 €
CARIDE CID, JACOBO	NATACIÓN	340 €
CANAL BLANCO, CARLOS	CICLISMO	340 €
PÉREZ CRESPO, RODRIGO	TENIS	340 €
DOMURO ARIAS, LUCAS	XIMNASIA	340 €
MOVILLA TOURIÑO, JUDITH	GOLF	340 €
BLANCO GARCÍA, YAGO	HÍPICA	340 €
FERNÁNDEZ PÉREZ, JOSÉ ANTONIO	TIRO CON ARCO	340 €

5º.- Dispor a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia.

ANEXO:

ACTA DA COMISIÓN DE VALORACIÓN DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A DEPORTISTAS CUALIFICADOS EN MODALIDADES DEPORTIVAS INDIVIDUAIS CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2016

Nas datas 14 e 21 de febreiro de 2017 reuniuse, nas dependencias do Pazo dos Deportes “Paco Paz”, a Comisión de Valoración do concurso convocado pola Deputación Provincial de Ourense para a concesión de subvencións a deportistas cualificados en modalidades deportivas individuais correspondente ó exercicio 2016 (cuxas bases foron publicadas no BOP n.º 263, do 16 de novembro de 2016)) integrada conforme co establecido na base 8ª da dita convocatoria.

Con data 9 de marzo de 2017 someteuse esta proposta provisional de resolución a trámite de audiencia polo período de dez días hábiles, de conformidade co establecido no

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 21 de abril de 2017

artigo 82 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e co artigo 7 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación.

En tempo e forma, presentaron alegacións á proposta de resolución provisional do dito concurso os seguintes solicitantes:

1	Álvarez Escobino, Emanuel	44656684F	Kung Fu
2	Álvarez Fernández, Andrea	45161860A	Kung Fu
3	Faye Faye, Ngagne	54672242T	Kung Fu
4	Rodríguez Naveira, Jacobo	44656394P	Kung Fu
5	Soto Pérez, Ana	44660121D	Kung Fu
6	Ribeiro Gómez, Dora	34998901P	Montañismo
7	Rodríguez Vidal, A. Belén	76724182T	Montañismo
8	Rodríguez Cancio, Marta	45148995H	Ximnasia
9	Salas Cid, María	45165836T	Ximnasia

Con data 12 de abril de 2017, a Comisión de Valoración **procede á formulación de proposta de resolución** das alegacións presentadas, co seguinte contido:

Emanuel Álvarez Escobino:

En relación coa reclamación presentada por este solicitante, da modalidade de Kung Fu, na que interesa a revisión da puntuación adxudicada dentro da convocatoria de “subvencións a deportistas ourensáns cualificados 2016”, indícase que, unha vez revisado novamente o seu expediente **non procede reconsiderar a puntuación**, polos motivos seguintes:

1º.- As puntuación obtidas polo deportista reclamante foron as seguintes:

- Ouro no campionato galego de kung fu..... 20 puntos
- Histórico de axudas..... 1 punto
- Integrante da selección galega..... 20 puntos

2º.- No relativo á pretensión de incluír na valoración un segundo posto do Campionato de España da modalidade, a Comisión non estivo de acordo ó non consideralo como tal, o indicado campionato, por non ser oficialmente convocado pola Federación Española da que depende o Kung Fu a teor do que establece o “Consejo Superior de Deportes” no ámbito estatal.

3º.- Tampouco se consideraron os resultados obtidos como deportista de wu-shu ó presentar a súa solicitude acompañada da licenza federativa de kung-fu e seren modalidades dependentes de distintas federacións.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 21 de abril de 2017

4º.- Se o deportista quixera que se tiveran en conta os resultados da modalidade de Wu-shu, debería ter presentado dúas solicitudes independentes, unha para Kung fu e outra para Wu-shu , que terían a súa correspondente baremación individual.

5º.- Na intención subxectiva sobre a procedencia de incluír como competicións relevantes tanto o Open Nacional como o Torneo Ibérico, a base oitava, no seu punto noveno, detalla claramente o que a convocatoria establece como competicións relevantes: Copas do Mundo, Campionatos de España Universitarios, Universiadas, Xogos Mediterráneo ou competicións de similares características.

6º.- Unha vez revisada tamén a traxectoria deportiva, non procede a súa modificación, polos argumentos indicados anteriormente.

En consecuencia do exposto, a valoración está correctamente realizada, polo que se mantén o enunciado na proposta provisional de resolución.

Andrea Álvarez Fernández:

En relación coa reclamación presentada por dona **Andrea Álvarez Fernández**, da modalidade de Kung Fu, na que interesa a revisión da puntuación adxudicada dentro da convocatoria de “subvencións a deportistas ourensáns cualificados 2016”, indícase que, unha vez revisado novamente o seu expediente, **non procede reconsiderar a puntuación**, polos motivos seguintes:

1º.- As puntuación obtidas pola deportista reclamante, nunha primeira valoración, foi de 10 puntos.

- Ouro no campionato galego de kung fu en base .. 5 puntos
- Integrante da selección galega..... 5 puntos

2º.- No relativo á pretensión de incluír na valoración un primeiro posto do Campionato de España da modalidade, a Comisión non estivo de acordo ó non consideralo como tal, por non ser convocado oficialmente o campionato pola Federación Española da que depende o Kung Fu, a teor do que establece o “Consejo Superior de Deportes” no ámbito estatal.

3º.- Unha vez revisada tamén a traxectoria deportiva, non procede a súa modificación por non vir certificada pola súa federación deportiva e vir soamente asinada polo representante ou deportista.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 21 de abril de 2017

En consecuencia do exposto, a valoración está correctamente realizada, polo que se mantén o enunciado na proposta provisional de resolución.

Jacobo Rodríguez Naveira:

En relación coa reclamación presentada por don Jacobo Rodríguez Naveira, da modalidade de Kung Fu, na que interesa a revisión da puntuación adxudicada dentro da convocatoria de “subvencións a deportistas ourensáns cualificados 2016”, indícase que, unha vez revisado novamente o seu expediente, **procede reconsiderar a puntuación parcialmente**, polos motivos seguintes:

1º.- As puntuacións obtidas polo deportista reclamante, nunha primeira valoración, foron de 0 puntos.

2º.- Ten razón o reclamante cando interesa que se puntúe a medalla de ouro no campionato galego que, por erro, non se fixera anteriormente. Correspóndelle unha puntuación de 10 puntos. Aínda cando figura na certificación da federación categoría xuvenil, a comisión entende que está no ano de junior.

3º.- Tamén o reclamante ten razón en solicitar que se valore a súa participación en selección galega, que debe contar con 20 puntos.

4º.- No relativo á pretensión de incluír na valoración un primeiro posto do Campionato de España da modalidade, a Comisión non estivo de acordo ó non consideralo como tal, por non ser convocado oficialmente o campionato pola Federación Española da que depende o Kung Fu a teor do que establece o “Consejo Superior de Deportes” no ámbito estatal.

5º.- Na intención subxectiva sobre a procedencia de incluír como competicións relevantes o Torneo Ibérico, a base oitava, no seu punto noveno, explicita claramente o que a convocatoria establece como competicións relevantes: Copas do Mundo, Campionatos de España Universitarios, Universiadas, Xogos Mediterráneo ou competicións de similares características. Tampouco vén certificado pola federación correspondente.

6º.- Unha vez revisada tamén a traxectoria deportiva, non procede a súa modificación ó non vir certificada pola súa federación deportiva.

7º.- Por tal motivo, despois da revisión, procede a adxudicación dunha puntuación de 30 puntos que non modifica a proposta de denegación de axuda ó non acadar a nota de corte establecida en 78 puntos.

En consecuencia do exposto, a nova valoración está correctamente realizada, (30 puntos), se ben, debe manterse o enunciado na proposta provisional de resolución de denegación de subvención ó non acadar a nota de corte establecida.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 21 de abril de 2017

Ana Soto Pérez:

En relación coa reclamación presentada por dona **Ana Soto Pérez**, da modalidade de Kung Fu, na que interesa a revisión da puntuación adxudicada dentro da convocatoria de “subvencións a deportistas ourensáns cualificados 2016”, indícase que, unha vez revisado novamente o seu expediente, **non procede reconsiderar a puntuación**, polos motivos seguintes:

1º.- As puntuacións obtidas polo deportista reclamante foron de 0 puntos, ó no ter resultados nin éxitos deportivos merecentes de puntuación.

2º.- No relativo á pretensión de incluír na valoración un primeiro posto do Campionato de España de Wu-Shu , non se considerou, ó presentar a súa solicitude acompañada da licenza federativa de kung-fu, por seren modalidades dependentes de distintas federacións. Valoráronse soamente os resultados da modalidade que certifica a federación galega correspondente.

3º.- Se o deportista quixera que se tiveran en conta os resultados da modalidade de Wu-shu, debería presentar dúas solicitudes independentes, unha para Kung-fu e outra para Wu-shu , que terían a súa correspondente baremación individual.

4º.- Unha vez revisada tamén a traxectoria deportiva, non procede a súa modificación, polos argumentos indicados anteriormente.

En consecuencia do exposto, a valoración está correctamente realizada, polo que se mantén o enunciado na proposta provisional de resolución.

Ana Belén Rodríguez Vidal e Dora Ribeiro Gómez:

En relación coas reclamacións presentadas polas deportistas **Ana Belén Rodríguez Vidal e Dora Ribeiro Gómez**, da modalidade de Montañismo (Carreiras), nas que interesan a revisión da puntuación adxudicada dentro da convocatoria de “subvencións a deportistas ourensáns cualificados 2016”, indícase que, unha vez revisados novamente os seus expedientes, **non procede reconsiderar a puntuación**, polos motivos seguintes:

1º.- As deportistas reclamantes falan de “confusión de las competiciones” en determinadas probas autonómicas cun regulamento interno da federación correspondente. Non existe tal confusión. O único campionato oficial que recoñecen as bases da convocatoria é o Campionato Galego celebrado o 10 de abril de 2016, segundo se recolle no calendario da

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 21 de abril de 2017

FGM e que cualifica como “campionato Galego-FGM” e que foi valorado con 20 puntos a cada unha das solicitantes.

2º.- Na valoración subxectiva que realizan as reclamantes sobre a procedencia de incluír como competicións relevantes determinadas probas, a base oitava, no seu punto noveno, explicita claramente o que a convocatoria establece como competicións relevantes: Copas do Mundo, Campionatos de España Universitarios, Universiadas, Xogos Mediterráneo ou competicións de similares características. A “Copa Galega” non entraría nestes supostos.

3º.- A avaliación da traxectoria das deportistas debería recollerse no anexo V (continuación) no apartado “Postos no ránking 2013/14/15/16” e máis abaixo no cuadrante “Incluír dous principais éxitos deportivos” 2013 a 2016. Pois ben, ningunha das deportistas reclamantes cubre ese anexo. As bases da convocatoria entenden como análise de traxectoria o realizado nos catro últimos anos. As reclamantes soamente explicitan resultados de Copa Galega de 2015 e 2016 que para a Comisión de Valoración son competicións menores.

4º.- Non aparecen resultados nin méritos especiais, en campionatos de Europa, mundo, seleccións, tecnificación, nin DGAN nin DNAN, nin no histórico de axudas.

5º.- No capítulo de “outras especiais circunstancias deportivas”, a xuízo da comisión, ningunha das probas indicadas, nin os resultados obtidos teñen encaixe nese apartado. Na maioría, son probas provinciais de escasa relevancia, globalmente analizadas no panorama deportivo ourensán. Tamén convén lembrar que a convocatoria exclúe expresamente resultados de deportistas veteranos. Soamente se poden ter en consideración os obtidos como senior ou categorías inferiores.

En consecuencia do exposto, a valoración está correctamente realizada, polo que se mantén o enunciado na proposta provisional de resolución.

Marta Rodríguez Cancio:

En relación coa reclamación presentada por don Manuel Ángel Rodríguez Rodríguez , en representación da deportista **Marta Rodríguez Cancio**, da modalidade de Ximnasia (Trampolín) , na que interesa a revisión da puntuación adxudicada dentro da convocatoria de “subvencións a deportistas ourensáns cualificados 2016”, indícase que, unha vez revisado novamente o seu expediente, **non procede reconsiderar a puntuación**, polos motivos seguintes:

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 21 de abril de 2017

1º.- No relativo á revisión da puntuación do Campionato Galego na que declara 1º posto en Trampolín, asignáronse 10 puntos como campioa galega de trampolín na súa categoría.

2º.- No referente ó campionato de España, asígnanse 20 puntos como campioa de trampolín.

